

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE PARA EP

Ante a pandemia de Covid-19 que obrigou ao noso goberno a declarar sucesivos estados de alarma dende o 15 de marzo deste ano, prorrogables cada 15 días, o noso colexio tivo que afrontar un gran reto: continuar durante parte da 2ª e toda a 3ª avaliación do curso 2019/2020 coa educación dos nenos e nenas de maneira telemática.

Para conseguir isto leváronse e lévanse a cabo continuas reunións entre o profesorado (claustro, CCP, DO, equipo docente de 1º e 2º de EP,...) a través de video-conferencias para establecer as accións prioritarias para a 3ª avaliación en canto á metodoloxía, recursos e actividades:

- Identificación do alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable, así como o que carece de medios de conexión dixital.
- Dotación de recursos electrónicos, por parte do equipo directivo, ao alumnado que carecía deles.
- Contacto continuo con Inspección Educativa por parte do equipo directivo.
- Comunicación semanal directa entre os titores/as e o alumnado a través de diversas ferramentas de videochamadas, priorizando o benestar emocional dos nenos e nenas.
- Outras comunicacións continuas coas familias a través de correos electrónicos, mensaxería instantánea,...
- Emprego dunha metodoloxía flexible á situación vivida e tendo en conta ás características concretas do alumnado ao que se dirixen ás propostas: nivel evolutivo, capacidades, intereses, situacións familiares,... Tratando de favorecer unha aprendizaxe significativa que contribúa en maior medida ao desenvolvemento das competencias imprescindibles.
- Traslado de propostas semanais de repaso e reforzo dos contidos traballados na 1ª e

2ª avaliación en cada unha das materias ao alumnado, a través da páxina web do centro e doutras ferramentas como correo electrónico ou mensaxería instantánea; xa que non se avanzarán novos contidos.

- Selección de actividades que axuden a desenvolver as destrezas básicas: lectura, escritura e cálculo.

- Priorización de actividades lúdicas e interactivas fronte ás memorísticas e repetitivas, mantendo así no alumnado a interese e gusto por aprender.

- Fomento de actividades sinxelas e que poidan ser resoltas de maneira autónoma polo alumnado.

- Asesoramento por parte do Departamento de Orientación ao profesorado, familias e alumnado.

- Atención directa ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en función das súas dificultades.

- Traslado de pautas e actividades de reforzo a modo de repaso ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo mediante diferentes canles: correo electrónico, páxina web,...

AVALIACIÓN

A avaliación e cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes levadas a cabo durante o 1º e 2º trimestre do curso; así como sobre as actividades de reforzo e repaso de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020. Polo tanto a avaliación será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo.

En base a que a avaliación nesta etapa é continua e débese avaliar por competencias, para o cálculo da cualificación final que se recollerá na avaliación ordinaria do

alumnado, o centro establece como recomendacións: que debe ter un maior peso o adquirido na 2ª avaliación; e existir a posibilidade de incrementar esta cualificación en base ao traballo realizado na 3ª avaliación, sempre en beneficio do alumnado. Todo isto deberá quedar recollido nos instrumentos de avaliación de cada materia.

NESTA OPCIÓN ENTENDEMOS A AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS, POLO QUE SE NA 2ª AV A NOTA É MAIOR CA NA 1ª DEBERIAMOS TOMAR A SEGUNDA PORQUE TEN A COMPETENCIA ADQUIRIDA. E A 3ª AV. DEBERÍASE TER EN CONTA (PORQUE NOLO MANDAN) E QUEDARÍA A CRITERIO DE CADA MESTRE/A O QUE QUERE INCREMENTAR A CUALIFICACIÓN CON COHERENCIA (PERO DEBERÍA TELO RECOLLIDO).

Para o cálculo da cualificación final que se recollerá na avaliación ordinaria do alumnado, o centro estableceu que se faga a media aritmética das cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación e sumaráse 0, 1 ou 2 puntos en función do traballo realizado, entregado e avaliado polo profesorado neste terceiro trimestre, en base aos instrumentos de avaliación.

ESTA OPCIÓN É MÁIS RESTRITIVA, XA QUE TODOS FARIAMOS A MEDIA DA 1ª E 2ª E DESPOIS A 3ª AVALIACIÓN AUMENTARÍA A NOTA NUNS PUNTOS QUE PODEMOS ACORDAR (PERO CADA MESTRE/A TAMÉN TEN QUE TER RECOLLIDO E XUSTIFICADO ESE AUMENTO).